

## **BASES COMPLEMENTARIAS CIFP A CARBALLEIRA – MARCOS VALCÁRCEL MOBILIDADES DE PERSOAL PARA FORMACIÓN MARZO-SETEMBRO 2021**

Convocatoria selección **ERASMUS+ 2020-2021**  
Nº de PROXECTO: **2020-1-ES01-KA103-079919**

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA FORMACIÓN DO PERSOAL NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+.

### **BASES COMPLEMENTARIAS**

---

O CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel abre unha convocatoria para asignar unha bolsas de mobilidade de formación segundo as Bases publicadas polo Consorcio FP Sup. Ourense-Europa, para a Convocatoria de asignación de bolsas de mobilidade para formación do persoal no marco do programa Erasmus+.

#### **1.- PROXECTOS DE FORMACIÓN PARA DESENVOLVER A MOBILIDADE E VALORACIÓN.**

---

O solicitante promoverá os convenios coas empresas ou centros do seu interese que será valorado polo Comité de selección.

**Nota:** poderase valorar como compromiso de acollida outro documento distinto o Anexo III da convocatoria sempre e cando a Comisión de Selección considere dito documento como acreditativo da empresa o institución de acollida do solicitante.

#### **2.- A COMISIÓN DE SELECCIÓN ESTARÁ FORMADA POR.**

---

- Presidenta: Directora
- Xefe do área de calidade, innovación e orientación profesional
- Xefa do área de formación
- Xefe de información e orientación profesional

- Coordinadora programas internacionais

Nota: Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

### 3.- BAREMO DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN.

---

O baremo acordado polo Consorcio para adxudicar as bolsas de axuda valorará os seguintes criterios:

- Idoneidade do proxecto:
  - Será imprescindible que o Proxecto presentado na solicitude sexa considerado **APTO** polo Comité de Selección para poder ser admitido no proceso de baremación.
  - Presentación e idoneidade do “Compromiso de acollida dunha institución (en posesión da Carta ECHE) ou empresa no estranxeiro” para a realización da mobilidade **[ata 5 puntos]**.
- Antigüidade no CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel **[ata 5 puntos]**.
  - Con data de destino definitivo anterior o curso 2011-2012: **5 puntos**.
  - Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2019-2020 e 2011-2012: **3 puntos**.
  - Con data destino provisional: **2 puntos**.
- Participación na derradeira convocatoria quedando en lista de espera **[1 punto]**. (sempre e cando non fora beneficiario de ningunha bolsa de axuda no Programa Erasmus+ no CIFP A Carballeira- Marcos Valcárcel).
- Coñecemento de idiomas (non oficiais no estado español) **[ata 5 puntos]**  
A competencia lingüística valorarase segundo os niveis cursados nas Escolas Oficiais de Idiomas ou segundo o Marco Común Europeo de referencia para as linguas.

Nota: un mesmo idioma non poderá sumar puntuación en máis dun apartado.

- C2 (MERL) Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: **5 puntos.**
- C1 (MERL) Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: **4 puntos.**
- B2 (MERL) Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: **2 punto.**
- B1 (MERL) Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: **1 punto.**

**Nota 1:** No caso de empate na baremación entre candidatos valorarase:

- 1º ao profesorado que participando da derradeira convocatoria non fora adxudicatario dunha bolsa de axuda no CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel.
- 2º ao profesorado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.
- 3º antigüidade no Centro.
- 4º se persiste determinarase por sorteo.

**Nota 2:** no caso de persoal beneficiario de bolsa de axuda en calquera das convocatorias de mobilidade no Programa Erasmus+ no CIFP a Carballeira - Marcos Valcárcel no derradeiro ano formará parte de outra lista respecto ó profesorado quen non foi beneficiario nesas convocatorias. Poderá ser beneficiario dunha bolsa de axuda sempre e cando non haxa adxudicacións na lista correspondente do persoal non participante nas derradeiras convocatorias segundo o orde desta lista.

**Nota 3:** o persoal do CIFP so poderá ser beneficiario dunha bolsa que xestione o CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel no mesmo curso escolar ou no mesmo proxecto en anos diferentes.

**Nota 4:** no caso de presentarse en dúas convocatorias Erasmus+ de proxectos diferentes no Centro será o Comité de Selección quen determine en que proxecto se realice a adxudicación da bolsa de axuda.

#### 4.-RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

---

A Comisión de Selección **publicará a partir do día 20 de xaneiro do 2021** o acta de resolución definitiva na web do Centro.

Ourense, 1 de decembro do 2020

D<sup>a</sup>. Marta Vázquez Guzmán  
Directora do CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel de Ourense